

ACTUALIZACIÓN DO PLANO DE TRABALLO DO BNG

Mantéñense, en virtude do contexto sociopolítico, os principais eixos de traballo que definimos xa hai meses:

- Alternativa económica en función dos intereses de Galiza e de achegar solucións á crise económica.
- Alternativa lingüística e cultural en perspectiva normalizadora.
- Alternativa social de defensa dos servizos públicos básicos –sanidade e ensino- e dos servizos sociais.

Nestas coordenadas sitúanse as nosas principais propostas de posición e actuación política, que transversalmente se orientarán cara a estes obxectivos:

- Liderar a oposición a un goberno do Partido Popular destrutivo e sen novas ideas e liderar a alternativa política.
- Preparar ao BNG para afrontar nas mellores condicións as eleccións municipais do vindeiro ano.
- Impulsar un debate social sobre o autogoberno e a posición de Galiza no Estado.

A acción política do BNG nos vindeiros meses vertebrarase ao redor das seguintes temáticas:

1.- A mobilización social contra a política lingüística do PP e a prol dun modelo fundamentado no Plano de Normalización Lingüística aprobado polo Parlamento de Galiza na anterior lexislatura. A Iniciativa Lexislativa Popular impulsada por Queremos Galego debe contar co noso apoio e o noso compromiso na procura de soporte social. Naturalmente debemos participar, de forma masiva, en todas as mobilizacións e folgas que se convoquen, comezando pola convocada no ensino para o día 21 de xaneiro. A culminación mobilizadora debe situarse no 17 de maio, unha data de cariz reivindicativo.

2.- Manter a iniciativa no que se refire ao futuro das caixas de aforros galegas, tanto no nivel institucional como no social. Necesidade de espallar o contido da nova Lei de Caixas, tendo en conta que non existiría de non ser pola nosa determinación. Velar porque a súa aplicación signifique un cambio cualitativo a respecto da situación actual.

3.- Acordar coa CIG unha actuación paralela e converxente, no seu caso, en relación coa situación económica e social de Galiza, no contexto da actual crise, que teña plasmación no plano institucional, na presenza das alternativas nacionalistas nos centros de traballo e na interlocución cos pequenos e medianos empresarios. Dentro da actuación do BNG daremos relevancia á situación de desemprego e de asuntos como o sector lácteo, a pesca e o sector eólico. Daremos

tamén contido económico ás campañas vinculadas a datas conmemorativas como o 8 e o 10 de marzo.

4.- Perfilar campañas incisivas na defensa da sanidade pública, dos servizos sociais e do ensino, a través das plataformas existentes e de acordo co sindicalismo nacionalista.

5.- Premer sobre o Goberno español durante o semestre de presidencia da UE para a volta de ASTANO á construción naval civil.

6.- O ano 2010 ten especial relevo do punto de vista da cultura literaria nacional por coincidiren distintos aniversarios (125 anos da morte de Rosalía; 100 anos do nacemento de Carvalho Calero; Día das Letras Galegas adicadas a Uxío Novoneyra). As institucións, organizacións e asociacións con presenza determinante do BNG deben promover, apoiar e espallar actividades para valorizar a escrita dos devanditos autores. En todo caso, o BNG velará porque estas efemérides teñan un compoñente axeitado e incidencia social.

7.- O BNG debe ter iniciativa sobre os contidos da Cidade da Cultura. Lanzarase unha iniciativa neste sentido situando nela unha grande pinacoteca de artistas galegos (Castelao, Maside, Colmeiro, Lugo, ...) e dando relevancia especial á obra de Castelao. Posición contraria á súa conversión nun lugar de privilexio para artistas de clara vocación españolista ou para o cosmopolitismo máis rampante.

8.- A sentenza sobre o Estatut debe ter resposta política, tamén en Galiza, dentro da nosa especificidade. Tendo en conta o nulo interese de PP e PSOE en elaborar un novo Estatuto para Galiza, o BNG debe promover este debate social e institucionalmente, cunha campaña clarificadora sobre as competencias que necesitamos e en que consiste un verdadeiro autogoberno, e presentar a nosa propia proposta de Estatuto. En función deste debate, determinaremos a celebración do vindeiro 25 de Xullo cunha proposta que leve implícita a superación do marco actual como necesidade para sobrevivir como pobo.

9.- É de vital importancia contribuír a dinamizar a política municipal como unha das responsabilidades da organización no plano comarcal e local, con iniciativas que sirvan para o contacto social.

10.- Oposición ao PP e alternativa do BNG nas cuestións centrais que afectan á ordenación do noso territorio como a Lei do Solo e a Lei do Litoral.

A Executiva Nacional concretará as iniciativas contempladas neste plano de traballo sen prexuízo do desenvolvemento paralelo, coordinado e integrado, das iniciativas que xurdan das distintas Secretarías e das Comisións do Consello Nacional.